



// Sector
Turismo



// Localización
A Coruña



// Ano de constitución
2016



// N° empregados
19

// Descrición da empresa

Miramar Cruises é a única axencia en liña de Galicia especializada na venda de cruceiros turísticos. Naceu no viveiro de empresas da Fundación CEL de Lugo e no ano 2016 trasladouse á Coruña (actualmente sitúase no Edificio BCA28 do Polígono da Grela), desde onde opera neste momento.

En paralelo á axencia de venda en liña de cruceiros, Miramar Cruises desenvolve o proxecto Nudoss.com, a primeira rede social de cruceiros de Europa.

"O servizo Re-acciona supuxo un antes e un despois, xa que nos axudou a optimizar os recursos a desenvolver"

Hugo Iglesias. CEO de Miramar Cruises

// Descrición do proxecto

Miramar Cruises solicitou o programa Re-acciona para afrontar dous desafíos:

- Mellorar o servizo de xestión externalizado que posuían.
- Optimizar os recursos para contar cun servizo de xestión interna máis directo e involucrado na actividade diaria e coordinado co resto de departamentos.

Mediante unha auditoría externa realizada polo axente colaborador e reunións periódicas co equipo directivo, identificaron as debilidades existentes no seu modelo de negocio e decidiron como enfrontalas no futuro. Ademais, levaron a cabo unha avaliación, optimización e reestruturación dos seus recursos, tanto internos como externos, e fixeron cambios na súa estratexia co obxectivo de corrixir pequenos erros que estaban a cometer.





// O resultado

Grazas á súa participación no programa Re-acciona, Miramar Cruises afrontou os dous retos que os levaron a solicitar o servizo: mellorar o seu sistema de xestión externalizado e optimizar os seus recursos financeiros, tanto internos como externos.

Agora son conscientes da súa situación económica, grazas á auditoría realizada, así como dos erros e acertos que estaban a cometer na xestión.

“O servizo de optimización financeira supuxo para a empresa unha mellora notable da xestión financeira e a simplificación dos procesos, así como a optimización dos recursos que destinamos ao ámbito de xestión da empresa”

Hugo Iglesias
CEO. Miramar Cruises



// Web

<http://www.miramarcruceiros.com>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.